



13 FEB. 2017

Entrada nº: 738

Saída nº:

Manuel Durán Guillán concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte moción:

PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA GARANTA QUE O CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL PERCIBIRÁ, COMO MÍNIMO, A TRAVÉS DO NOVO PLAN ÚNICO, OS MESMOS FONDOS QUE RECIBIÁN COAS LÍNEAS DE SUBVENCIÓN QUE EXISTÍAN CON ANTERIORIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado mes de novembro, cos votos a favor do Goberno provincial, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e co voto en contra do Partido Popular, o Plan Único dos Concellos dotado con 74 millóns de euros.

O novo programa unifica o Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións (en concreto suprímense as de cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).

Segundo o acordo plenario, o POS 2017 nutrirase dos 24,2 millóns que a Deputación achegaba cada ano ao tradicional Plan de Obras e Servizos, así como dos 8,3 millóns das liñas de axuda e dos 20 millóns do superávit que o organismo provincial prevé obter este ano e os 21,5 millóns que ata agora se dedicaban ao Plan de Aforro e Investimento.

Ademais, tendo en conta que o goberno provincial comprometeuse tamén a engadir, como mínimo, os 13 millóns de euros de remanente, co que igualaría a achega total dos plans do anterior goberno.

En consonancia con todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular da Pobra do Caramiñal propón á consideración do pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Que Deputación da Coruña garanta que o Concello da Pobra do Caramiñal, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).
2. Que a institución provincial comprométase a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan Único dos Concellos os remanentes de tesourería que se vaian xerando ao longo do exercicio económico do 2017.

A Coruña, xx de febreiro de 2017



Manuel Durán Guillán
O Portavoz do Grupo Municipal Popular

A/A.: SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL